

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36018631	CEP Xosé Neira Vilas	Gondomar	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Proxecto competencial	2º Pri.	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	6
4.2. Materiais e recursos didácticos	6
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	7
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	7
6. Medidas de atención á diversidade	8
7.1. Concreción dos elementos transversais	9
7.2. Actividades complementarias	9
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	10
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	10
9. Outros apartados	11

## 1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 2º curso de Educación Primaria, ten como referencia o currículo que establece o Decreto 155/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo que ten como obxectivo o desenvolvemento das competencias clave e o traballo de elementos transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado. Esta materia configurarase neste curso como un proxecto interdisciplinar en colaboración con distintos axentes sociais e nela buscarase a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

Outro aspecto que foi tido en conta á hora de deseñar a presente programación foi o proxecto a PDI do centro que este ano é "Artes e Oficios" anexionado a unha xestión de espazos a través da aprendizaxe de servizo á propia comunidade educativa, de tal xeito que do seu consunto resulte unha mellora viso-espacial inclusiva do propio centro.

O grupo de 2º EP, está composto por 7 alumnos de 2º A e 5 de 2ºB alumnos e alumnas con idades comprendidas ao inicio do curso entre os 6 e os 7 anos.

Todos estes aspectos serán tidos en conta a nivel metodolóxico.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Concretar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Descubriendo os nosos espazos.	Realización dun proxecto de mellora dos espazos do centro, a través da detección de necesidades, propostas e realización das melloras programadas.	20	13	X		
2	Creando os ambientes.	Posta en marcha do proxecto de mellora dos espazos do centro.	30	12		X	
3	Que ben se está aquí!	Gozo e avaliación do realizado coas propostas futuras de mellora.	50	10			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Descubriendo os nosos espazos.	13

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Dispoñerse activamente ante o proxecto de mellora de distintos espazos do centro.	TI	100
CA1.2 - Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Facer a previsión quiada dos recursos dispoñibles e das necesidades para a execución do proxecto.		
CA1.3 - Identificar e seleccionar a información que se precisa.	Buscar nos recursos TICs, información que inspire, clarifique, informe, aporte instrucións, que sexa útil e relevante para o cometido.		
CA1.4 - Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Realizar unha línea temporal básica das actuacións que se pretenden levar a cabo.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Ser quen de anticiparse ás incidencias que poidan xurdir e afrontalas con posibles solucións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.
- Planificación: secuenciación e temporalización.

UD	Título da UD	Duración
2	Creando os ambientes.	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións planificadas.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos e competencias mínimas que se requiran.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver as incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Avaliar os resultados logrados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
3	Que ben se está aquí!	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Realizar unha representación gráfica e temporal do proxecto.	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Ser quen de controlar as emocións negativas na exposición do proxecto.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais básicos na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Temos en conta o DUA (Deseño Universal de Aprendizaxe). Cando se fala do deseño universal para a aprendizaxe, adóitanse diferenciar tres áreas fundamentais: a representación, a motivación e a acción e expresión.

-A representación fai referencia ao contido e aos coñecementos: que aprender. Ofreceranse distintas opcións para o acceso ao contido, tanto a nivel perceptivo como comprensivo.

-A motivación implica compromiso e cooperación, supón involucrarse, por que aprender. Proveranse diferentes formas de contribuír ao interese dos estudantes, tanto para captalo como para mantelo, promovendo a súa autonomía e a súa capacidade de autorregulación.

-A acción e a expresión responden a como aprender. Neste caso, outorgando todo o protagonismo aos alumnos, mediante o emprego de metodoloxías activas. Levaranse a cabo as seguintes orientacións metodolóxicas:

-Partir dos coñecementos previos do alumnado e do seu nivel de desenvolvemento.

-Crear un clima de seguridade e confianza.

-Aprendizaxe baseado en proxectos, pequenas investigacións

-Utilizar unha linguaxe clara, sinxela na presentación dos contidos.

-Gradación das actividades.

-Utilizar a cooperación e axuda entre iguais.

-Integración efectiva das TIC na aula.

-Uso do erro como mecanismo de mellora.

-Traballar dende unha perspectiva globalizadora.

-Potenciar a resolución pacífica de conflitos e a necesidade de acordos e consensos.

-Favorecer a aprendizaxe activa integrando ao alumnado na dinámica xeral, fomentando a participación.

#### 4.2. Materiais e recursos didácticos

<b>Denominación</b>
Recursos materiais: Folios, cartolinas, pintuas, gomas, tesoiras, libros, contos, pizarra dixital, wifi, tablets...
Recursos persoais: profesoras, alumnado, familias, asociacións..
Recursos naturais e ambientais: clase, biblioteca, patio, a contorna...
Recursos metolóxicos: aprendizaxe cooperativa, aprendizaxe servizo, aprendizaxe baseada en proxectos...

Empregaremos unha variedade significativa de recursos didácticos coa finalidade de ofertarlle ao noso alumnado un amplo abano de posibilidades para as súas aprendizaxes. Intentaremos motivar e implicar ao alumnado no proceso de ensino-aprendizaxe, xa que procuraremos que os recursos empregados posibiliten a súa aprendizaxe. As ferramentas e materiais novedosos funcionan como eixe motivador na aprendizaxe do alumnado.

A mesma creación de novos materiais e produtos do proxecto convítesen en novos recursos.

Potenciarase o uso dunha variedade de materiais e recursos motivadores e enriquecedores para o alumnado, considerando especialmente a integración das tecnoloxías da información e a comunicación no proceso de ensino-aprendizaxe que permiten o acceso a recursos virtuais. Ofreceremos ao alumnado material estimulante, variado e versátil, que permita múltiples usos e descubrimentos e que sirva para desenvolver as diferentes dimensións da súa

personalidade: afectiva, psicomotriz, intelectual e social.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial baseada en competencias clave. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. A dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como para a elaboración das actividades de reforzo e de ampliación no caso de ser necesarias. Os resultados da dita proba daranse a coñecer durante na sesión de equipo docente de avaliación inicial establecida polo centro ao inicio do curso. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do departamento de orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

Cómpre saber que sabe e sabe facer o alumnado, mais tamén a súa motivación, a atención, os intereses, o estilo de aprendizaxe, o modo de aproximación aos recursos, as emocións ante a área de aprendizaxe, como traballa en equipo (aceptación de roles, participación, responsabilidade, resolución de conflitos, ...). Así, a avaliación inicial ao comezo de curso terá unhas funcións concretas:

- Achegar información sobre o contexto escolar do grupo: profesorado, recursos, posibilidades de interacción con outros grupos, coordinación, medidas de atención, métodos,...
- Obter datos relacionados co entorno socio-familiar do alumnado que poidan incidir no seu desenvolvemento escolar.
- Definir concretamente a intervención educativa a desenvolver priorizando aqueles aspectos que se amosaron deficitarios.
- Concretar estratexias de aprendizaxe que permitan unha intervención máis eficaz, ademais de servir de referente para contrastar os avances que se vaian obtendo ao longo dos procesos de aprendizaxe e ensino desenvolvidos.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	20	30	50	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

### Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación serán para esta materia os aprobados na concreción curricular:

- Desempeño competencial- 65%
- Actitude e convivencia- 35%
- Cómpre aclarar neste apartado que por Actitude e Convivencia, non nos referimos a comportamento e/ou condutas reguladas mediante NOFC, Lei 4/11 e D8/15 de Convivencia (o comportamento non é avaliable), senón que este apartado se refire ao establecido na concreción curricular aprobada o curso 22-23 sobre motivación, interes, participación..., observable en comportamentos como "mostrar actitude de...", "traballar de forma cooperativa", "Expresar actitudes positivas"...que están recollidas nos criterios do currículo.

A actitude e convivencia está asociada aos criterios de avaliación recollidos nas unidades didácticas, nos que se traballará sobre as habilidades de participación, respecto das opinións, traballo en equipo e responsabilidades individuais e grupais. A cualificación realizarase a través dunha táboa de indicadores de aprendizaxe cooperativa que incluírá á referencia ao traballo en equipo e ás responsabilidades individuais .

Os criterios de ponderación serán.

1º Trimestre-20%

2º Trimestre-30%

3º Trimestre-50%

### **Criterios de recuperación:**

Cando un alumno/ a non alcance o nivel suficiente na área teranse en conta os seguintes criterios de recuperación:

- a) Tomar como referencia os contidos básicos de cada unidade didáctica.
- b) Se os contidos a recuperar son recurrentes e aparecen en unidades didácticas posteriores daranse por recuperados se o alumno/a obtén calificación positiva en ditos contidos. En todo caso, planifícanse actividades individuais de traballo.
- c) Se os contidos a recuperar son específicos dunha unidade didáctica planifícanse actividades individuais de traballo nas que o alumno/a poda demostrar que supera ditos contidos.
- d) A resposta educativa para a recuperación reflexarase no Plan de Traballo Individualizado.
- e) Para obter unha calificación positiva teranse en conta:

- O esforzo e a realización das actividades individuais de traballo propostas.
- O nivel de coñecementos adquiridos.

De acordo co artigo 20 da Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, así como a orde de 25 de xaneiro de 2022, a avaliación durante a etapa de Educación Primaria será continua e global, tendo en conta o proceso de aprendizaxe. Feito polo cal, aprobando avaliacións posteriores recúpéranse avaliacións anteriores, de ser o caso.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

Para atender á diversidade optamos por un modelo inclusivo, o Deseño Universal de Aprendizaxe (DUA), permitirá a posibilidade de flexibilizar o currículo xeral e convertelo en real e adaptado ás características da aula (flexibilización que abrangue flexibilidade e variedade en obxectivos, métodos, materiais e avaliación). A pretensión é eliminar os atrancos físicos, sensoriais, afectivos e cognitivos para o acceso, aprendizaxe e participación que poida amosar o alumnado na área. Trátase de actuar sobre o contorno do alumnado para que non sexa discapacitante ou limitante (flexibilizar e variar tempos, espazos, materiais, linguaxes, niveis, organizacións, materiais, accesos e agrupamentos). Como non todo o alumnado procesa a información de igual xeito optárase por unha presentación con formatos e soportes diferentes que se acomoden ás diferentes percepcións (visual, auditiva, táctil...), comprensións, niveis de abstracción, monitoreo do progreso, intereses e tipos de linguaxe. Tamén, neste mesmo senso, favoreceranse diversas maneiras de expresar o aprendido, as diferentes linguaxes, serán elementos fundamentais a ter en conta xunto con estratexias diversificadas para as funcións executivas. Favorecerase a accesibilidade ao material, evitándose a sobreestimulación e as distraccións innecesarias. Promoverase a aprendizaxe entre iguais e a aprendizaxe en equipos cooperativos. Diseñaranse actividades multinivel que permitan o traballo conxunto de todo o alumnado compartindo unha experiencia común, mais adaptada ao seu nivel e á súa capacidade de abstracción. Estas actividades deben estar inseridas en situacións de aprendizaxe, proxectos ou propostas integradas que posibiliten a contextualización necesaria. As avaliacións inicial, do proceso e final tamén atenderán á diversidade tanto nos instrumentos de recollida de datos (que deberán ter variedade), como nos tempos (que serán flexibles en función do alumnado e o seu ritmo) e nos procedementos e instrumentos de rexistro de datos. Deberase tamén ter presentes as necesarias autoavaliacións e coavaliacións.

Promoverase o traballo cooperativo así coma a participación activa do alumnado en todas as actividades propostas. Tendo como base o DUA, as actividades programadas están pensadas para ser adaptadas ás diferentes necesidades do alumnado así como aos diferentes niveis de competencia curricular. Empregaranse apoios visuais e manipulativos para o traballo dos contidos máis abstractos. Atenderase aos diferentes modos que ten o alumnado de percibir e expresar a información para garantir a comprensión e a comunicación da mesma así como o axuste de medios, tempos, instrumentos ou procedementos de avaliación as súas circunstancias.



## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión da Lectura	X	X	X
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación Audiovisual	X	X	X
ET.4 - Competencia Dixital	X	X	X
ET.5 - Fomento da Creatividade, do Espírito Crítico e Científico	X	X	X

### Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.
- Fomentaranse as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor y a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo/a e o sentido crítico.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Participación na semana cultural.	Difusión informativa do proxecto.	X	X	
Participación na semana do Clúster.	Presentación do proxecto nas distintas aulas de primaria.		X	X

### Observacións:

Resulta fundamental a planificación de actividades complementarias para consolidar os contidos traballados ao longo do curso. O feito de realizar actividades fora do entorno habitual de aprendizaxe ou mesmo con outras persoas implicadas, resulta moi motivante para o alumnado e serve de catalizador para a consolidación destas aprendizaxes.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Metodoloxía empregada
Adecuación á temporalización das unidades didácticas.
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas.
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación.
Medidas de atención á diversidade
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado.
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades.
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación.
Clima de traballo na aula
Participación activa de todo o alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado.

### Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Segundo a Orde do 26 de maio de 2023: O Art.9.5. recolle que "O profesorado realizará o seguimento das programacións didácticas nos seus grupos de alumnado reflectindo o grao de cumprimento respecto do planificado, a xustificación razoada no caso de producirse algunha desviación e as propostas de modificación e/ou mellora".

En base a información obtida en dita orde, este seguimento será analizado e valorado polo equipo de ciclo cunha frecuencia mínima mensual deixando constancia nas correspondentes actas de reunión. Ademais, a través da programación de aula deseñaranse actividades concretas para o desenvolvemento efectivo desta programación, seleccionando os recursos, tempos e formatos axeitados en cada momento. Este deseño e desenvolvemento permitirá facer o seguimento da programación, a través da constatación dos obxectivos marcados e nelas farase unha análise do desenvolvemento efectivo, recollendo as modificacións e adaptando o proceso de aprendizaxe á realidade en cada momento nas aulas. As modificacións serán recollidas na memoria final, incluíndo as propostas de mellora en función daqueles indicadores non acadados ou das dificultades que se presenten no desenvolvemento da programación. Entre estas propostas de mellora poden incluírse a posibilidade de reorganizar os criterios de avaliación e contidos cunha secuencia diferente ou o emprego de outros recursos.

Neste mesmo contexto o Art.9.6 recolle que: " Os centros docentes sostidos con fondos públicos utilizarán a aplicación informática de programacións que pon á disposición a consellería con competencias en materia de educación para a elaboración e o seguimento das programacións didácticas.

Esta aplicación informática tamén se utilizará para a súa supervisión por parte das coordinacións de ciclo, dos

equipos directivos e da Inspección educativa".

Tralo remate de cada trimestre revisarase a PD. Dita revisión terá en conta os seguintes puntos:

1. Seguimento da PD no apartado correspondente do PROENS:

- Reunións trimestrais do equipo docente da coordinación de ciclo.
- No tocante ás UD: data de inicio e final, número de sesións previstas e realizadas.
- Grao de cumprimento da PD con carácter xeral dos indicadores de logro desta.
- Propostas xerais de mellora e outras observacións.

2. Análise da situación no tocante ás dificultades atopadas no alumnado:

Se os resultados fosen positivos continuarase na mesma liña de traballo.

Se os resultados fosen negativos levaranse a cabo propostas de mellora.

Accións de mellora:

- Ofrécese ao alumnado as explicacións individualizadas.
- Elaboración de actividades atendendo ás dificultades mostradas.
- Probas de avaliación de distinta dificultade.
- Comentar co alumnado os fallos máis significativos dos traballos realizados.

En función do anterior:

- Revisión das necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, ACS, etc.)

3. Actividades complementarias (realizadas ou non).

A avaliación dos datos recollidos farase mediante o cadro referido no apartado 8.1. ao que se lle engadirá, a maiores, os cadros precisos que inclúan a información adicional do presente apartado xunto coa información e resultados destes; posteriormente incluíranse como anexo nas correspondentes actas da coordinación de ciclo. Así mesmo, esta información será incluída na memoria final da materia, con especial relevancia nas posibles propostas de mellora para levar a cabo no seguinte curso académico.

## 9. Outros apartados